



## XXII MANIFESTO

### DÍA INTERNACIONAL

## DA FIBROMIALXIA E DO SÍNDROME DE FATIGA CRÓNICA

12 MAIO 2024



**O DEREITO A UN PROXECTO DE VIDA.** Este é un concepto que queremos defender con este **MANIFESTO**: pola disposición dos enfermos e das enfermas ás oportunidades de refacer un **proxecto de vida en tódolos ámbitos das súas vidas**. Unhas vidas que foron agretadas por unhas enfermidades **silenciosas a diagnósticos, esquivas a tratamentos e moi crueis para sobrelevar**.

Unhas enfermidades que, moitas veces, tamén fixeron **crueis ao nosa contorna**, cunha incompreensión que nos doeu máis que a dor da propia enfermidade.



Por elo, e dende 2004, as persoas afectadas por **Fibromialxia e Síndrome de fatiga crónica** abanderamos co noso Manifesto a loita por

- Un **cambio de paradigma** na mirada, respecto e recoñecemento Institucional e Social das nosas enfermidades.
- Un **Sistema Público Sanitario e Social** equitativo, accesible, igualitario e garantista na atención a estas enfermidades e en xustas prestacións cando unha posible discapacidade o precise.
- Unha mellor **formación universitaria** en dor e fatiga crónicas e a **formación continuada** para os profesionais que nos tratan.
- Unha **valorización da investigación** como vehículo para avanzar en diagnósticos técnicos, preventivos e comunitarios para afondar en mellores tratamentos.
- O **recoñecemento das nosas entidades** como **Activos de Saúde** e colaboradores necesarios nos consensos para Guías de atención profesional e en accións de promoción de hábitos e actividades de vida saudable.



Non queremos esqcernos doutras enfermidades encadradas nos chamados Síndromes de Sensibilización Central que uniron á esta loita pola dignidade e recoñecemento nos últimos anos. Nin tampouco das enfermidades e tratamentos que conlevan dor e fatiga con gran impacto na súa calidade de vida.



Nosa solidariedade para con todos eles dende a Fibromialxia e o **Síndrome de fatiga crónica** cuas principais características son, precisamente, a Dor e a Fatiga Crónicas.



Pero hoxe tamén é un **día de celebración e de recoñecementos**. Festexar que chegamos ata aquí **unidas por ideais e obxectivos comúns**, que chegaron a crear e consolidar unha das redes dun dos movementos asociativos máis potentes de España que, con sacrificio, rigor e profesionalidade gañouse o respecto de tantos.

Por elo, este manifesto tamén é un canto de agradecemento a tódalas persoas que, dende **as asociacións, as federacións, confederación e fundacións** traballan incansablemente pola nosa causa. E ás **nosas familias** que nos apoian e acompañan continuamente, aínda que a súa calidade de vida tamén se vira seriamente afectada pola nosa enfermidade.

Tamén o é hacia tódolos **profesionais** que nos puxeron ás pacientes no centro da atención sanitaria, e que se están formando e investigando continuamente en criterios diagnósticos e tratamentos, consensuando guías e protocolos para ofrecernos a mellor atención posible.

Pero, sobre todo, é **un canto á esperanza** de que a nosa loita, as nosas reivindicacións de tantos anos sirvan para que as persoas enfermas das xeracións futuras poidan beneficiarse delas e poidan realizar plenamente o seu **Proxecto de vida persoal, familiar, profesional, laboral e social**.

Hoxe é un día de conmemoración **altamente reivindicativa de dereitos**, pero con **unha gran carga emocional, solidaria, agradecida e con espírito de unión**. A unión das nosas voluntades a continuar o camiño hacia a **NORMALIZACIÓN** dunhas enfermidades cuas afectadas nunca deberon ter que loitar polos seus dereitos cidadanos.

**Loitamos e seguimos loitando con DIGNIDADE polo recoñecemento da nosa DIGNIDADE** e ofrecemos este **espazo común** a tódalas persoas, profesionais, xestores sanitarios e sociais, institucións, sociedade en xeral que queiran colaborar no proceso **COCREATIVO** dunha sociedade xusta e **solidaria para todos**.

**Noso agradecemento ás persoas que aceptaron facer lectura pública do noso Manifesto, aportando o seu prestixio e compromiso. E a todos quenes quixeron escoitarnos polas reflexións e accións Proactivas que poidan xerarlles o noso MANIFESTO.**

12 de MAIO de 2024

Día Internacional da Fibromialxia e do Síndrome de fatiga crónica

